



CONCELLO DE AGOLADA

AUDIENCIA DO TEXTO DO PROXECTO DE ORDENANZA FISCAL

Expediente: 404/2021

Asunto: Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Agolada.

Dado que a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre de Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Agolada, é unha norma que afecta os dereitos e intereses lexítimos das persoas, publícase o texto do proxecto de modificación no portal web municipal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades (art. 133.2 LPACAP):

“ARTIGO 3.- BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

1.—A Base imponible deste Imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra.

Entenderase por custe real e efectivo da construción, instalación ou obra o presuposto de execución material da mesma.

2.—A cota do Imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.—O tipo de gravame será o seguinte:

a) O 1,5% para as edificacións destinadas a vivenda unifamiliar, construcións e instalacións destinadas a explotacións agropecuarias e complementarias destas e para construcións, instalacións e obras consideradas como menores.

b) O 2,40% para as edificacións destinadas a vivendas plurifamiliares e resto de construcións, instalacións e obras cuxo orzamento material de execución sexa inferior a cinco millóns de euros.

c) O 4% para aquelas construcións, instalacións e obras cuxo orzamento material de execución sexa igual ou superior a cinco millóns de euros.

4.—O imposto devégase no momento de inicia- la construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licencia.”

O prazo de audiencia será de dez días hábiles, que prevé o artigo 82.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -LPACAP-, durante os cales os destinatarios poderán realizar as achegas que consideren oportunas.

Os destinatarios poderán facer chegar as súas achegas a través da sede electrónica do Concello de Agolada.

En Agolada, na data da sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente

Luis Calvo Miguélez

